



## RESUMO BÁSICO: CONVOCATORIA ANPAS 2015

**CONVOCATORIA.-** Resolución do 22 de decembro de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede a súa convocatoria para o curso escolar 2014-2015 (DOG N° 7, do 13/01/2015).

### Entidades beneficiarias (artigo 3º) :

Asociacións de nais e pais de alumnos/as (**ANPAS**) dos centros educativos sostidos con fondos públicos (colexios públicos e concertados), que estean inscritas no censo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### Obxecto e accións subvencionables (artigo 1º e 4º)

Realización de **programas de actividades extraescolares e complementarias** dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial que teñan como fin contribuir á conciliación da vida familiar e laboral no curso escolar 2014-2015.

A programación e actividades deberán axustarse ás condicións e requisitos establecidos no artigo 4º da convocatoria, entre estes: cada actividade se dirixirá a un mínimo de 10 alumnas/os, agás naqueles casos debidamente xustificadas, nos que polas características do contexto ou do centro docente; a programación deben ter horario continuado e unha hora diaria como mínimo, e ter garantida a cobertura do horario de luns a venres.

Na valoración das solicitudes, primaranse a programación de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

### Gastos subvencionables (artigo 4º.4)

Serán subvencionables os gastos, realizados para o desenvolvemento dos programas de actividades no primeiro semestre de 2015, seguintes:

- Gastos do persoal (incluída a cotización á Seguridade Social).
- Gastos de seguros de accidentes e pólizas de responsabilidade civil, se é o caso.
- Gastos de materiais funxibles. necesarios para o desenvolvemento das accións.

### Contía máxima da subvención (artigo 4º.7)- 6.000 € por entidade.

### Réxime de concesión (artigos 1º e 10º)

Estas axudas se conceden en réxime de concorrencia competitiva, isto é con base na maior puntuación obtida, segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 11º, e ata esgotar o crédito dispoñible.

### Presentación de solicitudes e prazo (artigo 6º)

**Presentación:** Na sede electrónica da Xunta (vía telemática), a través do formulario dispoñible en: <https://sede.xunta.es>; en papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, (de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común); ou, nas oficinas de correos. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folla do formulario para garantir para garantir a data de presentación.

**PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Dende o día **14 de xaneiro** ata o **20 de febreiro de 2015**.